



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte EMENDA DE ADICIÓN á Proposición Non de Lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego “Sobre a realización das obras necesarias para a adaptación das instalacións dos centros de ensino público da estrada ás necesidades educativas.”(08/PNC-0216 (5544)).

Emenda de adición

Engadirase o seguinte texto a continuación da parte resolutiva:


“..., para o que se priorizará a partir de criterios técnicos, educativos e orzamentarios.

Darase pulo ao proxecto do CEIP Pérez Viondi sacando a obra a licitación no prazo dun ano. ”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 10/03/2010 19:00:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2010 16:50
Nº Rexistro: 27860
Data envío: 10/03/2010 16:50:39.460

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María do Carme Adán Villamarín** e ao beiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **19756**, do Grupo Popular, relativa a elaboración dunha nova planificación da aprendizaxe permanente para adultos, que será tratada na Comisión 4.^a de Educación e Cultura o día 11 de marzo de 2010. (08/PNC-0512).


Emenda de Adición

Débase engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

“Para tal fin, desenvolverase a Lei 9/1992 do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, co obxectivo de crear nas localidades de máis de 10.000 habitantes centros específicos EPA que impartan todos os niveis de Educación Permanente de Adultos nas modalidades presencial e semipresencial. Asemade, a Consellaría ofertará en todos os concellos os niveis I, II e III de Educación Permanente de Adultos. Os niveis I e II poderán impartirse nos CEIPs e os I, II e III nos CPIs.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2010 16:50
Nº Rexistro: 27860
Data envío: 10/03/2010 16:50:39.460

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 10/03/2010 16:49:03

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 10/03/2010 16:49:07



*Grupo Parlamentario
Popular de Galicia*

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia , a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCIÓN á Proposición Non de Lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia “Sobre o cumprimento da normativa do réxime de visitas do pazo Torre de Xunqueiras no concello da Pobra do Caramiñal.” (08/PNC-0246 (06031)).

Emenda de substitución

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Establecer negociacións co Concello de Pobra do Caramiñal e o titular do Pazo Torre de Xunqueiras para o establecemento das visitas contempladas na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

2º.- Impulsar un programa de difusión e coñecemento dos Bens de Interese Cultural de Galicia, entre os que se atopa o Pazo Torre de Xunqueiras, co obxecto de que o conxunto da poboación galega coñeza e disfrute do importante patrimonio histórico artístico do noso País.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 10/03/2010 13:52:50



*Grupo Parlamentario
Popular de Galicia*

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia , a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte EMENDA DE ADICIÓN á Proposición Non de Lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia “Sobre a dixitalización de toda a prensa histórica galega en colaboración coas institucións que están a facer traballos similares coa prensa galega e a súa incorporación na Biblioteca Dixital de Galicia.”(08/PNC-0396(12681)).

Emenda de adición

Débese engadir ao final da parte resolutiva o texto que segue a continuación:

“Así como a participar en proxectos de carácter internacional como EUROPEANA, que faciliten o acceso integrado aos fondos galegos.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 10/03/2010 13:52:40



*Grupo Parlamentario
Popular de Galicia*

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia , a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCIÓN á Proposición Non de Lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia “Sobre a creación dunha fundación que salvagarde, catalogue, conserve e difunda o patrimonio cultural acumulado pos D. Isaac Díaz Pardo sobre a Galicia do século XX.” (08/PNC-0507 (19292)).

Emenda de substitución

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que, de acordo con tódalas partes implicadas, se cree unha fundación que permita salvagardar, catalogar, conservar e difundir o legado documental de D. Isaac Díaz Pardo, colaborando na dotación de recursos."

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 10/03/2010 13:52:06



*Grupo Parlamentario
Popular de Galicia*

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia , a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCIÓN á Proposición Non de Lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego “Sobre a organización da feira Galega das Industrias Culturais, Curtugal para o ano 2010.”(08/PNC-0581(23285)).

Emenda de substitución

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover e apoiar, en coordinación coa Asociación Galega de Editores, a organización do Curtugal -Feira Galega das Industrias Culturais- durante o ano 2010, nos termos que se acorden coa entidade organizadora do mesmo e establecendo un apoio que contribúa a garantir a súa viabilidade.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 10/03/2010 13:52:26



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 4ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Guillermo Meijón Couselo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a realización das obras necesarias para a adaptación das instalacións dos centros de ensino público da Estrada ás necesidades educativas (08/PNC-0216, doc. núm. 5544)

Emenda de Adición

Débase engadir un novo apartado á resolución da Proposición non de lei co seguinte texto:

“Que en ningún caso se minoren os proxectos previstos polo Goberno anterior, nomeadamente no que afecta ao CEIP Pérez Viondi.”

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 10/03/2010 18:02:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/03/2010 18:02:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 4ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Guillermo Meijón Couselo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a elaboración dunha nova planificación de aprendizaxe permanente para adultos (08/PNC-0512, doc. núm. 19756).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Emenda de Modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:


- 1.- Presentar ante esta Cámara unha planificación da aprendizaxe permanente de adultos cara o vindeiro curso 2010 - 2011 cunha memoria que implemente o recursos precisos para a súa implementación.
- 2.- Que en dita planificación se continúe impulsando, se potencie e se incremente a rede de centros de adultos e a oferta en todas as súas modalidades.
- 3.- Que como obxectivo estratéxico se persiga un incremento substancial da matrícula nos centros de adultos que permita incorporar ao sistema educativo a alumnado que no seu día abandonou o mesmo.”

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga



 Grupo Parlamentario


Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 10/03/2010 18:26:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/03/2010 18:26:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2010 09:46
Nº Rexistro: 27987
Data envío: 11/03/2010 09:46:58.031

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada e portavoz suplente **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei, doc. núm. 19.292**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galiza, incluída na orde do día da **Comisión 4ª, Educación e Cultura**, que se vai celebrar no día de hoxe.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

Débase substituír toda a parte dispositiva da iniciativa polo seguinte texto:


“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a crear, de acordo coa familia Díaz Pardo, unha fundación pública que leve o nome de Isaac Díaz Pardo, que salvagarde, catalogue, conserve e difunda o seu patrimonio documental acumulado, de interese xeral para Galiza, dotándoo de sede estábel e os medios humanos e económicos consonte cos seus obxectivos.”

Santiago de Compostela, 11 de Marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2010 09:46
Nº Rexistro: 27987
Data envío: 11/03/2010 09:46:58.031

Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/03/2010 9:44:42